

# INFORME FINAL ALEGACIÓNS ANTEPROXECTO NOVA LEI DE PATRIMONIO CULTURAL.

O día 8 de xullo publicouse no DOGA o ANUNCIO do 3 de xuño de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da exposición pública do anteproxecto de Lei do patrimonio cultural de Galicia.

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150608/AnuncioG0164-030615-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150608/AnuncioG0164-030615-0004_gl.html)

Tras o citado anuncio os presidentes das Delegacións convocaron os grupos de traballo das Delegacións co fin de redactar as proposicións, alegacións ou suxestións que cada un destes considerase oportunas ao anteproxecto antes do 8 de xullo de 2015.

Os grupos de traballo foron nas 7 delegacións os que seguen:

## A CORUÑA

Mar García García, Antonio Ramos Aguirre, Oscar Pedrós e Xulia Alvarez García,

## FERROL

Ramón Montero Cereijo, José Alejandro Romero Alonso, María Concepción Laborda Alberto, Miguel Ángel Reimúndez González, Manuel Amable Romero Pérez, Ignacio María Mendizábal Herrero e Olga Fra Gálvez.

## LUGO

Mónica Folgueira, Belén Feijoo, Anxo Sánchez e Raúl J. Veiga

## OURENSE

Marisol Valiñas, Enrique Urdiales, Javier Neira, Susana Alberte, Alejandro Girola, Luis Perez De Juan, Alberto de Paula, Oscar Gonfer, Víctor Grande e Xan Rodríguez.

## PONTEVEDRA

María José Fariña Busto, Anselmo Villanueva Peón e Luis Martinez.

## SANTIAGO,

Miguel Serrano, Ricardo Varela Fernández, Idoia Camiruaga, Javier Alonso, Ana Laiño e Carmen Rey.

## VIGO

Antonio Davila, María Mariño, Ceferino Castro Martínez, Rosa Mouriño Perez, Carlos Ardiz e Simón Pereiro.

Tras as reunións celebradas nas delegacións, cada un destes grupos aportou o seu informe resultado, todos eles foron resumidos nun borrador de alegacións, base de traballo para a sesión realizada en Sede o pasado 2 de xullo a que asistiron Julia Álvarez García (A Coruña), Miguel Angel Reimundez Gonzalez (Ferrol), Simon Pereiro López-Quecuty (Vigo), Marisol Valiñas (Ourense), Raúl J. Veiga Lamelas (Lugo), Alejandro Fernández Vázquez (Santiago) , Ricardo Varela (Santiago) e Elvira Carregado (Vocal del COAG), Pontevedra desculpou a súa presenza pero foi informada para poder completar a súa aportación. Realizouse un traballo de comparación, posta en común e síntese, a partir do que foi redactado un documento final único tendo en conta todas as achegas facilitadas polas Delegacións.

Finalmente o día 8 enviouse un documento no formato esixido pola Xunta, «modelo\_ alegacións\_ anteproxecto de lei» que figura na páxina web, constituído por 46 alegacións, unha de carácter xeral, outra a exposición de motivos e outras 44 aos diferentes artigos.

Acompañase texto incluído nestas alegacións.